

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

ACTA númer. 2/2019

**REUNIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN  
TERRITORIAL DO RÍO MIÑO–AECT RIO MINHO**

---- O 4 de abril de 2019, ás 12:00 h (hora local), reuniuse o Consello Coordinador do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño-AECT Rio Minho nas instalacións da CIM Alto Minho, na avenida Miguel Dantas, 69, Valença. -----

---- Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello Coordinador do **AECT Rio Minho**, o director, Uxío Benítez Fernández, deputado de Cooperación Transfronteriza da Deputación de Pontevedra; o vicedirector, João Fernando Brito Nogueira, presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira; a vogal Montserrat Magallanes Álvarez, deputada provincial de Pontevedra; e o vogal João Manuel do Amaral Esteves, presidente da Câmara Municipal de Arcos de Valdevez. Asistiron tamén á reunión os membros do Secretariado Técnico, António Pereira Torres e Lois Pérez Castrillo. -----

---- A reunión presidiuna o director do Consello Coordinador do **AECT Rio Minho**, Uxío Benítez Fernández, e nela tratáronse, de acordo coa orde do día, os seguintes asuntos: -----

**Assunto nº 1: Aprobación da acta da reunión anterior**

---- Tras a apertura da sesión por parte do director do AECT Rio Minho presentouse a acta da reunión realizada 8 de febreiro de 2019, que, despois de lida e revisada, foi aprobada por unanimidade e asinada polo director e o vicedirector. -----

**Assunto nº 2: Aprobación da Rendición de contas e informe de actividades de 2018**

---- O director informou de que, en 2018, o AECT Río Miño concentrrou gran parte dos seus recursos en actividades de consolidación institucional na rexión a través do estreitamento das relacións coas dinámicas locais de cooperación transfronteiriza, do apoio á implementación do proxecto "Smart Minho", cofinanciado polo Interreg V-A (en especial o proceso de planificación estratégica en curso), e da presentación do AECT Rio Minho a entidades rexionais, nacionais e europeas. Fíxose tamén un esforzo moi significativo na promoción de actividades que contribúan á preservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo (en particular a estruturación da marca Río Miño), en concreto no apoio á CIM

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

Alto Minho e á Deputación de Pontevedra na coordinación e implementación do proxecto "Visit Rio Minho", aprobado polo Programa Interreg V-A. -----

---- En termos financeiros, realizouse un gasto orzamentario de 42.091,69 euros e obtívérонse ingresos de 60.001,0 euros, polo que o total de beneficios foi de 62.326,7 euros e o total de gastos de 45.963,51 euros. O saldo para a Xerencia seguinte será de 19.332,69 euros, cun resultado líquido de 16.363,19 euros, que se aplicarán en resultados prorrogados. -----

---- Tras esta presentación, o Consello Coordinador deliberou, por unanimidade, aprobar a Prestación de contas e informe de actividades de 2018 e solicitarlle ao presidente da Mesa da Asemblea Xeral que a convoque para que, de acordo cos Estatutos, delibere sobre a aprobación destes documentos. -----

---- Neste mesmo ámbito, o Consello Coordinador deliberou, por unanimidade, as seguintes aprobacións:

- Proposta de convite, por adxudicación directa simplificada, a Lopes Vinga, Artur Moreira e Associados, SROC, Lda., para a presentación dunha proposta de prestación de servizos de auditoría externa ás contas do AECT Rio Minho de 2018 e 2019, que quedará condicionada á designación por parte da Asemblea Xeral, de acordo co artigo 18 dos Estatutos. -----

- Solicitude, aos presidentes do Consello Fiscal e ao presidente da Asemblea Xeral, da convocatoria das respectivas xuntanzas co obxectivo de concluír o proceso de aprobación das contas de 2018 de acordo cos Estatutos. -----

**Assunto nº 3: Aprobación da Proposta de revisión orzamentaria 2019**

---- No seguimento da aprobación da entrada do AECT Rio Minho como beneficiario no proxecto "Visit Rio Minho", cofinanciado polo Programa Interreg V-A, e da aprobación da candidatura RED\_LAB, no ámbito da 2.<sup>a</sup> convocatoria do mesmo programa, o Consello Coordinador deliberou, por unanimidade, aprobar a Proposta de revisión orzamentaria núm. 1/2019, anexa a esta acta, e que deberá ser enviada para a súa aprobación na próxima reunión da Asemblea Xeral. -----

**Assunto nº 4: Aprobación do Sistema de control interno**

---- Co obxectivo de aplicarlle o sistema de contabilidade pública local (POCAL) ao AECT Rio Minho, o Consello Coordinador deliberou, por unanimidade, aprobar a proposta de Sistema de control interno, norma de control interno obligatoria, que deberá ser enviada para a súa aprobación na próxima reunión da Asemblea Xeral. -----

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO****Assunto nº 5: Asuntos relacionados coa implementación dos proxectos “Smart Minho” e “Visit Rio Minho”**

---- No ámbito do proxecto “Smart Minho” aprobáronse, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

- Participación do AECT Rio Minho nos dous festivais transfronteirizos de música (IKFEM e Entre Marxes). -----

- Recolla da información necesaria para a definición dos pilotos de mobilidade sustentable. -----

- Delegación, no director do AECT Rio Minho, da aprobación dos procedementos de contratación pública adecuados e necesarios á concreción destas accións. -----

---- No ámbito do proxecto “Visit Rio Minho” aprobouse, por unanimidade, a seguinte deliberación:

- Presentación da marca Río Miño e da Rede de Sendeiros Verdes Transfronteirizos o día 13 de abril (sábado), no Parador de Tui, das 11:30 ás 13:30 h (hora local). -----

**Assunto nº 6: Outros asuntos de interese para o AECT Rio Minho**

---- Neste ámbito non se tomou ningunha decisión. -----

---- Sen más asuntos que tratar, a reunión finalizou ás 13:30 horas. -----

---- Para que así conste elaborouse esta acta, que asinaron o director e o vicedirector do AECT Rio Minho. -----

Valença, 4 de abril de 2019

O director

Uxío Benítez Fernández

O vicedirector

João Fernando Brito Nogueira